



Curso "Mediación intercultural"

DOCENTE

Fadhila Mammam.

ORGANIZA

Comisión Intersectorial de Mediación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Cristina Torrado Tarrío (G-4400).

DURACIÓN

8 horas.

DATAS E HORARIO

Sábado, 21 de xaneiro de 2023.
De 09:30 a 13:30 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

LUGAR

Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

PRAZAS

60.

PREZO

Psicólogos e psicológas inscritas no rexistro de mediación do COPG.....Gratuito
 Psicólogos/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao
 de psicoloxía, master ou doutoramento.....25,00€
 Psicólogos/as colexiados.....50,00€
 Psicólogos/as non colexiados.....100,00€

*Neste curso podes optar ás prazas gratuítas para colexiadas e colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace:
https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_formacion_para_colexiados_e_colexiadas.pdf



Curso "Mediación intercultural"

PROGRAMA

A Historia e as historias das nosas relacións interétnicas: 2h30.

A mediación intercultural, os seus fundamentos e especificidades: 2h30.

- Modelos de xestión da diversidade cultural.
- Mediación e diálogo.
- Relativismo e adecuacións.
- Construírse como mediador/a intercultural.

A análise multifactorial: 1h30.

Metodoloxía da mediación intercultural con grupos e grandes grupos: 1h30.

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre a nosa maneira de encarar a Otredad.
- Coñecer as especificidades teóricas e prácticas da mediación intercultural.
- Exercitarse con instrumentos metodolóxicos da mediación comunitaria intercultural.

METODOLOXÍA

- Reflexión e achegas do grupo grande. Síntese por parte da formadora. Exercicio práctico individual. Posta en común.
- Exposición por parte da formadora. Exercicio práctico en grupos pequenos. Posta en común e síntese por parte da formadora.
- Exposición por parte da formadora e exercicio práctico da análise sobre casos reais, en grupos pequenos.
- Explicación dalgunhas ferramentas por parte da formadora. Cada grupo pequeno poñerá en práctica unha delas.



Curso "Mediación intercultural"

DOCENTE

FADHILA MAMMAR.

Licenciada en Filoloxía Española pola Universidade de Grenoble (Francia) e Tunes, master en Migracións, Refuxio e Relacións Intercomunitarias. É mediadora e experta en Mediación Intercultural. É membro fundador do consello do Instituto Universitario de Investigación sobre Migracións, Etnicidad e Desenvolvemento Social (IMEDES) da Universidade Autónoma de Madrid e membro do Instituto de Mediación (IMEDIA) da Universidade Complutense de Madrid.

É docente en Másteres, posgraos, expertos de numerosas universidades españolas así como formadora en distintas institucións de España e América Latina en temas de Mediación, Interculturalidad e Migracións.

Traballa como consultora internacional en mediación intercultural, interculturalidad e migracións.

Está especializada na xestión dialogada de conflitos interétnicos, sociais e de terras en América do Sur, especialmente na rexión andina.

É asesora en políticas públicas en materia de migracións e xestión da diversidade cultural en España e América Latina e realiza avaliacións sobre estas materias para Fundacións, Organizacións Non Governamentais, Administracións locais, rexionais e estatais.



Curso "Mediación intercultural"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os psicólogos e psicólogas inscritas no rexistro de mediación do COPG, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 16 de xaneiro de 2023.